# 25 N 25

M.D.A., IES Pl. Terra de Turonio. 25 N, Día internacional contra a violencia de xénero

25 N 25

Aprender

Comprender

Pensar

Expresar

**O 25 de novembro conmemoramos o Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller.**

- Foi aprobado pola Asemblea Xeral da ONU en 1999.
- Propúxose a data en que foran asasinadas as tres irmás Mirabal, chamadas as Bolboretas.
- Antes de 1999 as feministas americanas xa se mobilizaban nesa data.
- Cada ano, as institucións buscan un lema para conmemorar esta data e facer un chamamento a deter esta violación dos dereitos humanos.

## Algúns datos, sobre violencia de xénero e feminicidios

**En Galiza** hai 6.161 casos activos de vítimas de violencia de xénero, 415 máis ca en outubre de 2024.

- 84 son menores de 18 anos.
- 2.830 teñen menores a cargo.

**No Estado Español, desde 2003**

- 1.331 mulleres foron asasinadas.
- 65 menores foron asasinados.
- 485 menores ficaron orfos como resultado dos feminicidios.

**No mundo**, en 2023, unha media de 140 mulleres e nenas foron asasinadas por alguén da súa familia, CADA DÍA.

- Cada 10 minutos unha muller ou unha nena morren a mans da súa parella ou alguén da súa familia.


Se é un
maltratador
nunca é
un bo pai
Un maltratador usa todas as ferramentas ao seu dispor
para manter o poder sobre a súa vítima.
A máis retorcida das violencias machistas é aquela que usa
os fillos e fillas para seguir torturando e controlando ás mulleres.
Acontece, máis a miúdo do que cres, mesmo despois da separación
e aínda que se estableceran medidas coma ordes de afastamento
ou penas de prisión.
Eles saben que facer dano ou asasinar as fillas ou fillos é o xeito
de asegurarse de que a muller non se recuperará xamais.
É o maltrato definitivo.
Temos que actuar. Temos que evitalo.
Empezamos por falar disto?
25 NOVEMBRO
día internacional da
non violencia contra as mulleres
Se queres falar:
900 119 741
igualdade@pontevedra.eu
CONCELLO DE
PONTEVEDRA


Violencia vicaria
25NOVEMBRO
VOUCHE DAR
ONDE MÁIS DOE
ACORDARASTE TODA A VIDA
VASTE ENTERAR
A CULPA É TÚA
MALA NAI
Se o precisas, chama ao CIM
900 119 741 / 016
CONCELLERÍA DE
IGUALDADE
CIM







M.D.A., IES Pl. Terra de Turonio. 25 N, Día internacional contra a violencia de xénero







M.D.A., IES Pl. Terra de Turonio. 25 N, Día internacional contra a violencia de xénero

## Despois de ler estes datos e ver estes carteis, fágovos unha...

# Proposta

Para sensibilizarnos e concienciarnos da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, imos realizar unha actividade de empatía.
Trátase de colocarnos no lugar dunha vítima: unha muller, unha nena ou mesmo un neno que vive nun fogar en que hai violencia contra a súa nai.

Imaxinade que vos pasa iso e que o contades nunha reunión de apoio entre vítimas.

Preparade unha pequena intervención oral que non dure máis de tres minutos.

# Bibliografía


**Páxina do sistema VioGen:**
https://sistemaviogen.ses.mir.es/publico/viogen/dam/jcr:8a4e1e8d-c081-4d7a-8a24-d68633b0007d/Datos%20Estad%C3%ADsticos%20Sistema%20VioG%C3%A9n%20a%2031-10-2025.pdf

**Obervatorio da violencia de xénero:**
https://www.estadistica.observatorioviolencia.org/

**Páxina da ONU Mulleres:**
https://www.unwomen.org/es/noticias/comunicado-de-prensa/2024/11/cada-diez-minutos-una-mujer-o-nina-muere-a-manos-de-su-pareja-u-otro-miembro-de-la-familia

**Carteis do Concello de Pontevedra**

## Algúns poemas

“Nin una prendedura máis “, “Aprender a facer o pan”

“perder algo“

“Desfaime as dobras“




“ESA IMAXE“

“IV VÉNDESE VESTIDO DE NOIVA “

“Aquí vos fala un monstro“

M.D.A., IES Pl. Terra de Turonio. 25 N, Día internacional contra a violencia de xénero